


A Coruña, por uns Ríos Limpos!

Memoria Técnica.



ADEGA
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Educación ambiental
adega@adega.gal
www.adega.gal

ÍNDICE

1. Contexto.....	2
2. Limpezas de Rios.....	3
3. Xornada.....	3-4
4. Comunicación e Redes Sociais.....	4
5. Equipa de traballo.....	5
6. Memoria fotográfica.....	6-7
7. Publicidade.....	7-13

Contexto.

A crecente sensibilización da cidadanía fronte á degradación ambiental ten levado a moitas persoas e entidades a organizar limpezas de río. Malia que xa case ninguén contempla o río como un vertedoiro, aínda queda moito lixo neles. En ocasións, os refugallos presentes no río non representan un perigo para o ecosistema, pero si supoñen un impacto visual negativo (papeis, plásticos, madeiras, etc.). Noutras ocasións, os materiais depositados poden supoñer unha fonte de contaminación debido ás substancias que as compoñen (pilas, aceites de coche, baterías, produtos de fitosanitarios, etc.) ou ben porque poden provocar alteracións en certos organismos.

O Proxecto Ríos vén organizando dende o ano dous mil sete a limpeza simultánea de ríos, coa pretensión, non tanto de retirar moitas toneladas de lixo, que tamén, como para divulgar a necesidade de realizar unha limpeza ecolóxica. Nesta actividade teñen participado activamente distintas entidades sociais locais como asociacións, centros de ensino e concellos, sendo o Proxecto Ríos o nexu común da iniciativa.

A pesar de que anualmente se realice esta tarefa é necesario seguir facendo periodicamente limpezas nos nosos ríos. Realizando estas actividades evitamos que moito de ese lixo e contaminación remate nos nosos mares e contamine as nosas terras. Estas actividades non deberían ser un acto puntual ou illado, se non ser de carácter periódico e expoñendo un problema real.

“A Coruña, Por uns Ríos Limpos!” desenvolveuse entre os meses de novembro e decembro de 2022, tempo no que levamos a cabo 3 limpezas de ríos e a organizamos a xornada formativa “Preservación e coidado dos nosos ríos e regatos. Limpezas Ecolóxicas”, sobre a importancia ecosistémica e a xestión correcta de ríos e regatos.

Limpezas de Ríos.

Como parte do programa “A Coruña, Por uns Ríos Limpos!”, realizamos tres limpezas de ríos en puntos bastante próximos da cidade pero con características moi diferentes.

Dúas das intervencións foron no Rego de Carneiros. A primeira delas, á altura da Hortas de Feáns, un lugar que a pesar de ser moi transitado, atópase protexido e afastado das casas, por así dicilo, algo máis natural. Nese punto en concreto atopamos moitos restos de entullo e botellas de vidro (tanto de viño como de refresco) e tamén plástico (bolsas, envoltorios) que xa se atopa soterrado nas marxes do rego.

Asemade, limpamos o Rego dos Carneiros á altura do centro de Feáns, onde se sitúa o antigo lavadoiro, unha zona máis urbanizada pero con algo de bosque de ribeira. Alí atopamos un punto lixo amoreado, integrado por con cartóns de tabaco, cabichas, envoltorios, paquetes de zume e botellas de plástico. Seguindo o camiño do rego, fomos recollendo restos de plástico e algún de vidro.

A terceira das limpezas foi no río Mesorio, onde se atopa o polígono de Pocomaco. Este foi o treito fluvial con maior rexistro de refugallo, tanto visible como soterrado, con especial presenza de plásticos. De feito, non foi posible retirar todo o lixo que fomos atopando, decidindo consideralo como un punto de vertedoiro.

Non foi posible facer máis de tres actividades xa que o tempo non foi o máis adecuado para este tipo de xornadas. Os meses de novembro e decembro son épocas complicadas, xa que a choiva e o frío non animan a participar ao voluntariado. Por parte dos centros de ensino pasou o mesmo, son épocas moi frías e que o terreo é moito máis perigoso polas condicións meteorolóxicas. Se se fan na época de primavera a acollida sería maior. O esforzo para atopar voluntariado incrementouse notablemente.

Xornada “Preservación e coidado dos nosos ríos e regatos. Limpezas Ecolóxicas”

O 2 de decembro celebramos a xornada aberta á cidadanía “Preservación e coidado dos nosos ríos e regatos. Limpezas Ecolóxicas”. Nelas contamos con diferentes poñentes que nos deron unha percepción global dos ecosistemas fluviais e como proceder para a súa correcta preservación.

- **María J. Servia**, Doutora en Bioloxía e docente e investigadora no Departamento de Bioloxía da Universidade da Coruña, presentou a súa palestra sobre “Bosque de ribeira e servizos ecosistémicos: tamén en Coruña?” na que nos mostrou que os bosques de ribeira son elementos vertebradores da paisaxe, cun notable interese cultural e recreativo, así como unha importancia biolóxica moi grande.
- **Manuel Soto**, Catedrático de Enxeñaría Química e director da Oficina de Medio Ambiente da Universidade da Coruña, falou sobre “Contaminación de ríos”, abordando diferentes tipos de contaminación das augas, o impacto dos vertidos e

a situación e evolución nos ríos galegos.

- **Verónica Torrijos**, técnica da Oficina de Medio Ambiente da UDC, introduciunos na “Depuración ecolóxica de augas residuais. Do río ao mar” expoñendo as alternativas ecolóxicas coas que podemos resolver cuestións de vertido acordes á normativa e para a conservación dos ecosistemas acuáticos.
- **Paco Bañobre**, Coordinador de Proxecto Ríos e Educador ambiental de AEGA dende o 2006, explicounos coa súa charla “O papel do voluntariado nas Limpezas de Río” cal é o verdadeiro papel do voluntariado neste tipo de actividades e a gran necesidade de formar a cidadanía sobre a correcta preservación dos ríos e regatos, xunto coa súa contorna.

A cada participante entregóuselle un folleto presentado as xornadas e con un breve resumo das palestras que se axuntará xunto a memoria técnica.

Comunicación e redes sociais.

- Para o contacto tanto con voluntariado e con centros de ensino creouse unha base de datos cos contactos da Coruña. Enviouse un correo específico para Centros de Ensino, ANPAS, asociacións e voluntariado en xeral , posteriormente contactouse por teléfono con cada un de eles.
- Fixéronse deseños específicos para as limpezas e a xornada adaptándoos a formato para RRSS e poder compartir se ningún problema.
- Divulgación previa e posterior de todas as actividades nas RRSS.
- Creación dun publireportaxe que aparecerá na Cerna nº 86.
- Edición de vídeos das xornadas e colgados no Youtube de ADEGA para a súa difusión.
- Vídeos cortos colgados no Instagram de ADEGA durante a realización das limpezas e da xornada.

Equipa de traballo.

As actividades e organización dentro do convenio “A Coruña, por uns Ríos Limpos!” foron desenvolvidas por un equipo multidisciplinar de educadores ambientais e persoal de comunicación de ADEGA

Coordinación:

Itziar Díaz Feijóo. Licenciada en Bioloxía.

Equipa de Traballo:

Francisco Bañobre González. Licenciado en Bioloxía.

Ramsés Pérez Rodríguez, Pedagogo e Educador Ambiental.


Rodríguez Fernandez Belén, Licenciada en Xornalismo.

Memoria fotográfica.

Limpezas de Ríos



Xornada “Preservación e coidado dos nosos ríos e regatos. Limpezas Ecolóxicas”



Publicidade.

ADEGA Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

- [Radio Cerna](#)
- [CernaTV](#)
- [Outras publicacións](#)
- [ADEGA Cadernos](#)
- [Revista Cerna](#)
- [#EiFicitaCasaConADEGA](#)

INICIO
ORGANIZACIÓN
NOVAS
AXENDA
ÁREAS TEMÁTICAS
PROXECTOS
CAMPAÑAS
MULTIMEDIA
PASA Á ACCIÓN

Inicio / Buscador / Bosque de ribeira, contaminación, depuración e...

05-12-2021

Bosque de ribeira, contaminación, depuración e voluntariado, nun Encontro sobre coidado dos ríos na Coruña

ADEGA organizou o pasado 2 de decembro unha xornada formativa chamada "Preservación e coidado dos nosos ríos e regatos. Limpezas Ecolóxicas", na que se contou coa presenza de diferentes oradores/as expertos/as no coidado sostible do estado e preservación dos ecosistemas fluviais. Este foro complementou as distintas xornadas de limpeza de ríos con voluntariado que realizou ADEGA en diferentes treitos do Rego Carneiros e no Río Mesoira da Coruña, no marco do convenio "A Coruña por uns Ríos Limpos" asinado co Concello da A Coruña.

Maria J. Servia presentou a súa palestra sobre "Bosque de ribeira e servizos ecosistémicos: tamén en Coruña?" no que nos mostrou que os bosques de ribeira son elementos vertebradores do paisaxe cun notable interese cultural e recreativo, e cunha importancia biolóxica moi grande.

Manuel Soto falou sobre "Contaminación de ríos" na que nos explicou os diferentes tipos de contaminación das augas, o impacto dos vertidos e a situación e evolución nos ríos galegos.

Verónica Torrijos introduciunos na "Depuración ecolóxica de augas residuais. Do río ao mar" expoñendo as alternativas ecolóxicas coas que podemos resolver cuestións de vertido acordes á normativa e para a conservación dos ecosistemas acuáticos.

Paco Baiobre explicounos coa súa charla "O papel do voluntariado nas Limpezas de Río" cal é o verdadeiro papel do voluntariado neste tipo de actividades e a gran necesidade de formar a cidadanía sobre a correcta preservación dos ríos e regatos, xunto coa súa contorna.

Tras as palestras houbo un tempo de debate onde o público puido preguntar a súa inquietudes e falar máis extensamente sobre formas de coidar e protexer os afluentes.

Novas relacionadas

- O voluntariado de ADEGA limpou treitos do Rego de Carneiros e no río Mesoira da Coruña
- Este xoves ADEGA celebra unha xornada de formación sobre o coidado dos ríos na cidade da Coruña



ADEGA Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

- [Radio Cerna](#)
- [CernaTV](#)
- [Outras publicacións](#)
- [ADEGA Cadernos](#)
- [Revista Cerna](#)
- [#EiFicitaCasaConADEGA](#)

INICIO
ORGANIZACIÓN
NOVAS
AXENDA
ÁREAS TEMÁTICAS
PROXECTOS
CAMPAÑAS
MULTIMEDIA
PASA Á ACCIÓN

Inicio / Buscador / O voluntariado de ADEGA limpou treitos do Rego de...

04-12-2021

O voluntariado de ADEGA limpou treitos do Rego de Carneiros e no río Mesoira da Coruña

Durante os días 30 de novembro e 2 de decembro ADEGA realizou tres limpezas de ríos na cidade da Coruña. Concretamente dúas transcorron no Rego de Carneiros, preto do Centro Cívico de Feáns, e a terceira tivo lugar no río de Mesoira, na zona do polígono de Pocomaco. ADEGA puido realizar estas accións grazas á participación de voluntarios e voluntarias que acudiron ao chamado da asociación ecoloxista coincidindo coa Semana mundial do Voluntariado. E as accións foron executadas no marco do convenio "A Coruña por uns Ríos Limpos" asinado co Concello da A Coruña neste 2021.

As xornadas comezaron cunha breve charla aos grupos participantes nas limpezas, na que ADEGA explicou como realizar unha limpeza ecolóxica dos ríos, respectando o medio ambiente e o ecosistema de ribeira. Lamentablemente, os ríos galegos seguen a ser puntos de vertedoiros en moitos lugares por iso con esta iniciativa queremos dar visibilidade a unha problemática da que cada vez a xente é máis consciente e amosar como dunha maneira ecolóxica podemos preservar en boas condicións os nosos ríos e regatos.

Nas limpezas realizadas na Coruña atopamos diferentes tipos de residuos destacando entre eles, as botellas de vidro, entullo de obra, material hixiénico sanitario e os sempre presentes, restos de plástico.

Agradecemos a participación das voluntarias e voluntarios que acudiron ao chamado á limpeza dos ríos coruñeses e agardamos vermos noutras edicións. Grazas!

Novas relacionadas

- Este xoves ADEGA celebra unha xornada de formación sobre o coidado dos ríos na cidade da Coruña




ADEGA Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

- [Radio Cerna](#)
- [CernaTV](#)
- [Outras publicacións](#)
- [ADEGA Cadernos](#)
- [Revista Cerna](#)
- [#EiFicitaCasaConADEGA](#)

INICIO
ORGANIZACIÓN
NOVAS
AXENDA
ÁREAS TEMÁTICAS
PROXECTOS
CAMPAÑAS
MULTIMEDIA
PASA Á ACCIÓN

Inicio / Buscador / Este xoves ADEGA celebra unha xornada de...

30-11-2021

Este xoves ADEGA celebra unha xornada de formación sobre o coidado dos ríos na cidade da Coruña

Coincidindo coa Semana do Voluntariado, ADEGA organiza o próximo xoves, 2 de decembro, na cidade da Coruña as xornadas "Preservación e coidado dos nosos ríos e regatos. Limpezas Ecolóxicas" abertas ao público xeral.

O encontro ten como obxectivo divulgar a importancia dos nosos ríos e regatos, ao mesmo tempo que amosar como se poden preservar e coidar dunha maneira eficiente e respectuosa e utilizando diversas metodoloxías.

Dende ADEGA contamos cunha ampla experiencia no desenvolvemento de proxectos e actividades destinadas á custodia fluvial, pois pensamos que a educación da cidadanía é unha ferramenta fundamental para a preservación do noso medio ambiente.

Nesta xornada, contaremos coa colaboración da Universidade da Coruña para abordar a importancia dos bosques de ribeira e os beneficios ecosistémicos que chegan á sociedade, así como para aprofundar nos problemas de contaminación máis importantes do afluentes fluviais galegos.

Falaremos tamén da depuración ecolóxica das augas residuais a través de ecosistemas húmidos e cal é o papel do voluntariado actualmente en Galiza no coidado dos nosos ríos e regatos.

Esta xornada divulgativa e de formación terá lugar no local da [Asociación Cultural de Alexandra Bóveda](#), desde as 17 horas as 20 horas da tarde.

A iniciativa forma parte dun convenio de colaboración asinado co concello de A Coruña que se complementará con varias xornadas de limpeza de liño dos ríos coruñeses coa axuda de voluntariado.

Programa

- 17.00h- Recepción de participantes e presentación da xornada.
- 17.20h- Mesa redonda:
 - M^a José Servia, UDC. "Bosques de ribeira e servizos ecosistémicos: tamén



Programa	
17.00h	Recepción de participantes e presentación da xornada
17.20h	Mesa Redonda
19.00h	Debate
20.00h	Peche de xornada

Asociación Ecoloxista ADEGA
Publicado por Xiana Iglesias Villaverde · 1 de febrero a las 17:45

O noso compañeiro Paco Bañobre, coordinador de Proxecto Ríos e Educador ambiental de ADEGA, falou sobre o papel do voluntariado nas limpezas de ríos e a gran necesidade de formar á cidadanía para a súa correcta preservación dentro das xornadas "Preservación e coidado dos nosos ríos e regatos. Limpezas Ecolóxicas".

Dálle ao play! <https://www.youtube.com/watch?v=DCSR2C7kfsI&t=5s>

Concello da Coruña, Universidade da Coruña... Ver más



YOUTUBE.COM
O papel do voluntariado nas limpezas de río | Paco Bañobre

878 Personas alcanzadas 27 Interacciones [Promocionar publicación](#)

Tú y 13 personas más 2 veces compartida

Asociación Ecoloxista ADEGA
Publicado por Belen Rodriguez · 5 de diciembre de 2021

Bosque de ribeira, contaminación, depuración e voluntariado, nun Encontro sobre coidado dos ríos na Coruña 🌿🌱🌳
<http://adega.gal/novas.php?id=1193&idioma=gl&sec=9>
#corunharioslimpos




1382 Personas alcanzadas 53 Interacciones [Promocionar publicación](#)

5 2 veces compartida

Me gusta Comentar Compartir

Publicado por Belen Rodriguez · 4 de diciembre de 2021

O voluntariado de ADEGA limpou treitos do Rego de Carneiros e no río Mesoiro da Coruña, a pasada Semana do Voluntariado... 🧹
Nas limpezas realizadas atopamos diferentes tipos de residuos destacando entre eles, as botellas de vidro, entullo de obra, material hixiénico sanitario e os sempre presentes, restos de plástico...
Coidemos dos nosos ríos! 🌿

#CorunhaRiosLimpos
<https://adega.gal/novas.php?id=1192&idioma=gl&sec=9>




2167 Personas alcanzadas 118 Interacciones [Promocionar publicación](#)

49 4 veces compartida

Me gusta Comentar Compartir

Asociación Ecoloxista ADEGA
Publicado por Belen Rodriguez · 30 de noviembre de 2021

ADEGA convídate este xoves, 2 de decembro, ás xornadas "Preservación e coidado dos nosos ríos e regatos. Limpezas Ecolóxicas" na cidade da Coruña.

Agardamos a túa presenza no local da Asociación cultural Alexandre Bóveda da Coruña, desde ás 17 horas ás 20 horas da tarde. Coa colaboración do [Concello da Coruña](#)
<http://adega.gal/novas.php?id=1190&idioma=gl&sec=9>
#... Ver más



A Coruña por uns Ríos Limpos DEC 02 XOVES

Preservación e coidado dos nosos ríos e regatos
Limpezas Ecolóxicas

Programa

17.00h	Recepción de participantes e presentación da xornada	Mª José Serviz UDC Bosque de ribeira e servizo ambiental: bosques en Coruña
17.20h	Mesa Redonda	Manolo Soto UDC Contaminación dos ríos
19.00h	Debate	Verónica Torrijos OMA Depuración ecolóxica de augas residuais: Os ríos os ríos
20.00h	Peche da xornada	Paco Bañobre Proxecto Ríos, ADEGA O papel do voluntariado nas limpezas de río

Asociación Ecoloxista ADEGA
Publicado por Itzi Caleopteryx Hamock ·
28 de noviembre de 2021 ·

Nesta semana do Voluntariado, do 29 de novembro ao 5 de decembro, ADEGA convida a todo tipo de entidades e á veciñanza da Coruña a limpar os ríos do concello, para concienciar e sensibilizar sobre o coidado dos ríos e unha correcta xestión do lixo que xeramos.

No marco do convenio co concello herculino "A Coruña, por uns Ríos Limpos!", realizaranse limpezas nas seguintes datas:

- 30 de novembro ás 16.00h
- ... Ver máis

Coruña, por uns Ríos Limpos
Limpezas Ecolóxicas
do 29 novembro ao 5 de decembro

Coruña, por uns Ríos Limpos
Limpezas Ecolóxicas
do 29 novembro ao 5 de decembro

Lugar: Rego dos Camélicos
Punto de encontro: Centro Cívico de Frades
Contacto: itzi@adega.gal ou 628.376.804

Lugar: Rego dos Camélicos
Punto de encontro: Centro Cívico de Frades
Contacto: itzi@adega.gal ou 628.376.804

Xoves 2 de Decembro

Martes 30 de Novembro

1408
Personas alcanzadas

65
Interaccións

Promocionar publicación

16

8 veces compartida

Asociación Ecoloxista ADEGA
Publicado por María Amigo · 27 de novembro de 2021 ·

O próximo xoves 2 de decembro terá lugar a xornada "Preservación e coidado dos nosos ríos e regatos. Limpezas Ecolóxicas" no Concello da Coruña.

Poderedes disfrutar dunhas charlas moi interesantes cun tempo de debate final, no que falaremos sobre como coidar adecuadamente os nosos ríos.

Animámete a coñecer un pouco máis sobre estes ecosistemas!!... Ver máis

A Coruña por uns Ríos Limpos
Preservación e coidado dos nosos ríos e regatos
Limpezas Ecolóxicas

DEC 02
XOVES

Programa

17.00h	Recepción de participantes e presentación da xornada	Mª José Serviz LEIC Bosque de Alamos e entorno adxacente, Surrao en Lugo Manolo Soto LÓPEZ Preservación de río
17.20h	Mesa Redonda	Wendia Turijón OMA
19.00h	Debate	Proposición de creación de grupo ambiental, do río do mar Paco Barreiro Proxecto Ríos, ADEGA
20.00h	Peche da xornada	El grupo de voluntariado nos Ríos Limpos de RR

1608
Personas alcanzadas

16
Interaccións

Promocionar publicación

16

8 veces compartida

Asociación Ecoloxista ADEGA
Publicado por Itzi Caleopteryx Hamock ·
25 de novembro de 2021 ·

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) no marco de convenio "A Coruña por uns Ríos Limpos" do Concello da A Coruña, ao abeiro da semana do Voluntariado, organizaremos limpezas de ríos e unha xornada informativa.

Durante a semana do 9 de nov. ao 5 de dec. convidamos a todo tipo de entidades e particulares do **Concello da Coruña** a realizar Limpezas de Ríos, sempre co acompañamento dos educadores ambientais de ADEGA.

O xoves 2 de decembro será lugar a Xorna... Ver máis

Asociación Ecoloxista ADEGA
Organización sin ánimo de lucro

Enviar mensaje

1214
Personas alcanzadas

42
Interaccións

↓ -2.5x máis baja
Puntuación de distribución

Promocionar publicación

9

10 veces compartida

Me gusta Comentar Compartir

A Coruña, por uns Ríos Limpos!

Limpezas de Ríos no concello de A Coruña

Durante a semana do 29 de novembro ao 5 de decembro, ADEGA convida a todo tipo de entidades (Asociacións de veciños, centros de ensino, grupos particulares...) do concello da Coruña.

A situación dos ríos debe mudar para que non sexan lugares de acumulación de lixo, zonas que se convirten en vertedoiros nos que se poden atopar diferentes tipos de lixo, desde motores de automóviles ata residuos de hixiene.

Para evitar estas accións é moi importante concienciar e amosar á cidadanía a importancia dos ríos e regatos e o impacto no medio ambiente que causan este tipo de actos.

Con esta iniciativa queremos dar visibilidade a unha problemática da que cada vez a xente é máis consciente e amosar como dunha maneira ecolóxica podemos preservar en boas condicións os nosos ríos e regatos.

ADEGA ofrecerá acompañamento, xunto co unha pequena charla inicial, aos grupos participantes. Nesta ocasión temos un número limitado de actividades polo que será precisa inscrición previa e se completará o aforo por orde de inscrición.



Para anotarse as actividades deberedes enviar un correo a itxia@adega.gal ou chamando ao número 628.378.804, indicando a data e horario no que estades interesados.

"Preservación e coidado dos nosos ríos e regatos. Limpezas Ecolóxicas"

O próximo xoves 2 de decembro terá lugar a xornada informativa "Preservación e coidado dos nosos ríos e regatos. Limpezas Ecolóxicas".

Esta xornada ten como obxectivo, divulgar a importancia dos nosos ríos e regatos, ao mesmo tempo que amosar como se poden preservar e coidar dunha maneira eficiente e respectuosa. Desde ADEGA pensamos que a educación da cidadanía é unha ferramenta fundamental para a preservación do noso medio ambiente.

A xornada terá lugar no local "Asociación Cultural de Alexandre Bóveda" de 17.00h-20.00h.



A Coruña por uns Ríos Limpos DEC 02 XOVES

Preservación e coidado dos nosos ríos e regatos. Limpezas Ecolóxicas

Programa

17.00h	Recepción de participantes e presentación da xornada	M ^{ra} José Servia LIC (Ponente de Ribeira e Servizo Ecoloxístico, tamén en Coruña)
17.20h	Mesa Redonda	Manolo Soto LIC (Comunidade local río)
19.00h	Debate	Verónica Torrijos OMA (Representante ecoloxista de cidadáns, do río de Marín)
20.00h	Peché da xornada	Paco Saborido Proxecto Ríos ADEGA (o xornal do voluntariado dos Limpos do río)



A Coruña, por uns Ríos Limpos

Limpezas Ecolóxicas

do 29 novembro ao 5 de decembro

Lugar:

Punto de encontro:

Contacto:

adega_ecoloxismo

Nesta semana do Voluntariado, do 29 de novembro ao 5 de decembro, ADEGA convida a todo tipo de entidades e á veciñanza da Coruña a limpar os ríos do concello, para concienciar e sensibilizar sobre o coidado dos ríos e unha correcta xestión do lixo que xeramos...

No marco do convenio co concello herculino "A Coruña, por uns Ríos Limpos!", realízanse limpezas nas seguintes datas:

- 30 de Novembro ás 16.00h.
- 02 Decembro ás 11.00h.

Se estades interesados/as en univros a estas limpezas ou facer a vosa propia limpeza de ríos podedes mandar un correo a itzar@adega.gal.

Por uns Ríos Limpos, na Coruña! 🌿
#CorunhaRiosLimpos

10 sem

noialimpa Hai limpeza de ríos Barbanza?

10 sem 1 Me gusta Responder

— Ver respostas (2)

Ver insights

Les gusta a [socgalegahistorianatural](#) e 27 personas máis

28 DE NOVIEMBRE DE 2021

Añade un comentario...



A Coruña por uns Ríos Limpos

Preservación e coidado dos nosos ríos e regatos

Limpezas Ecolóxicas

DEC 02 XOVES

Programa

17.00h	Recepción de participantes e presentación da xornada	M ^{ra} José Servizo UDC <small>Área de Medio e Ambiente, Accedemios, Normas en Conculos</small>
17.20h	Mesa Redonda	Mario Soto UDC <small>Comunidade de Ríos</small>
19.00h	Debate	Verónica Torrijos CMA <small>Presidencia Española de Xestión Fluvial do río do río</small>
20.00h	Peche da xornada	Pilca Barbanza (Proxecto Ríos ADEGA) <small>O papel do voluntariado: lixo e limpeza de río.</small>

adega_ecoloxismo

O próximo xoves 2 de decembro terá lugar a xornada "Preservación e coidado dos nosos ríos e regatos: Limpezas Ecolóxicas" no concello da Coruña (@coruna_gal)

Poderedes disfrutar dunhas charlas moi interesantes cun tempo de debate final, no que falaremos sobre como coidar adecuadamente os nosos ríos.

Animade a coñecer un pouco máis sobre estes ecosistemas!!

A Coruña, por un Ríos Limpos!!

10 sem

noroste_rw


10 sem Responder


Ver insights

Les gusta a [asocamabul](#) e 17 personas máis

27 DE NOVIEMBRE DE 2021

Añade un comentario...





adega_ecoloxismo

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) no marco do convenio "A Coruña por uns Ríos Limpos" do Concello da A Coruña, ao abeiro da semana do Voluntariado, organizaremos limpezas de ríos e unha xornada informativa.

Durante a semana do 9 de nov. ao 5 de dec. convidamos a todo tipo de entidades e particulares do Concello da Coruña a realizar Limpezas de Ríos, sempre co acompañamento dos educadores ambientais de ADEGA.

O xoves 2 de decembro será lugar a Xornada "Preservación e coidado dos nosos ríos e regatos: Limpezas Ecolóxicas"

Preme na ligazón da bio para saber máis 🌿📱

10 sem

Ver insights

Les gusta a [fridaystforfuture.corunha](#) e 14 personas máis

28 DE NOVIEMBRE DE 2021

Añade un comentario...

Youtube ADEGA.

YouTube ES

#oslimpos #educaciónambiental
O papel do voluntariado nas limpeza de río | Paco Bañobre
 31 visualizaciónes • 1 feb 2022

ADEGA Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
 523 suscritores SUSCRITO

Paco Bañobre, Coordinador de Proxecto Ríos e Educador ambiental de ADEGA desde o 2006, falou sobre o papel do voluntariado nas limpeza de ríos e a gran necesidade de formar á cidadanía sobre a súa correcta preservación, no marco das xornadas "Preservación e coidado dos nosos ríos".
 MOSTRAR MÁIS

YouTube ES

#oslimpos #educaciónambiental
Depuración ecolóxica de augas residuais | Verónica Torrijos
 12 visualizaciónes • 1 feb 2022

ADEGA Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
 523 suscritores SUSCRITO

Verónica Torrijos, técnica da Oficina de Medio Ambiente da UDC, expón as alternativas ecolóxicas coas que podemos resolver cuestións de vertido acordas á normativa para a conservación dos ecosistemas acuáticos, dentro das xornadas "Preservación e coidado dos nosos ríos e regatos".
 MOSTRAR MÁIS

YouTube ES

#oslimpos #educaciónambiental
Contaminación nos ríos | Manuel Soto
 11 visualizaciónes • 1 feb 2022

ADEGA Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
 523 suscritores SUS

Manuel Soto, Catedrático de Enxeñaría Química e director da Oficina de Medio Ambiente da Universidade da Coruña, fala sobre os diferentes tipos de contaminación das augas, o impacto dos cambios de uso do territorio e a contaminación por produtos químicos e plásticos.
 MOSTRAR MÁIS

YouTube ES

#oslimpos #educaciónambiental
Bosque de ribeira e servizos ecosistémicos: tamén en Coruña? | María J. Servia
 14 visualizaciónes • 31 ene 2022

ADEGA Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
 523 suscritores SUSCRITO

Os bosques de ribeira son elementos vertebrados do paisaxe, con roble e ribeira cultural e recreativa, así como unha importancia biolóxica moi grande. Así o explica María J. Servia, Profesora de Bioloxía e docente de Investigación en Posgrado de Biología da Universidade da Coruña.
 MOSTRAR MÁIS